



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Asunto: Derogación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos extraescolares para a Conciliación.
Expediente: 2026/G016/000001

PROVIDENCIA

Esteban Ares García, Alcalde do Concello de Lousame, e no uso das competencias atribuídas pola lexislación vixente en materia de réxime local, emite a presente Providencia baseada nos seguintes antecedentes:

1. Dende o ano 2011 o Concello de Lousame presta un servizo de conciliación, o programa Lousame Concilia, que ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias de Lousame, coa finalidade de facer compatibles os distintos ámbitos nos que se desenvolven estas familias, sen perder en calidade de vida familiar, mediante a implantación dun servizo de atención e coidado de menores en períodos que facilitan a conciliación entre os horarios laborais e persoais dos proxenitores cos períodos non lectivos dos e das menores.
2. Con data 29 de decembro de 2011 o Concello de Lousame estableceu un prezo público para axudar a financiar o custo do servizo que non se cubría coa subvención concedida, e publicou no BOP núm. 247 a "Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar".
3. O día 13/02/2026 a Traballadora Social do Concello de Lousame, emite informe no seguinte senso:

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA DE DEROGACIÓN

Visto que nas bases reguladoras das axudas que subvencionan o servizo Lousame Concilia, como actuación do Plan Corresponsables, se insta a favorecer a gratuidade e a universalidade deste tipo de servizos para as familias. Dado que o prezo establecido no seu momento non supón unha achega real á hora de axudar a financiar o servizo, xa que eses ingresos obtidos son descontados do importe da subvención concedida no momento do pagamento final. Visto que a liquidación dese prezo público supón unha carga de traballo engadida que afecta a persoal de varios departamentos; servizos sociais, contabilidade, intervención e tesourería. En base ao anteriormente exposto, valorase xustificada a proposta de derogación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar, e emítese este informe aos efectos correspondentes.

Por todo o exposto, **DISPOÑO:**

Primeiro: Considerar que existen razóns sociais e de interese público que xustifican a derogación da actual Ordenanza reguladora do Prezo Público.

Segundo: Que se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir para levar a cabo a dita derogación.

Terceiro: Dar conta a esta Alcaldía, para resolver o que proceda.

Lousame, na data da sinatura dixital.
O Alcalde, Esteban Ares García